

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

S. Viso Pérez (2004): “Estudio lingüístico e etnográfico da enfermidade ‘erisipela’ nos territorios galego e portugués”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 601-606.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

ESTUDIO LINGÜÍSTICO E ETNOGRÁFICO DA ENFERMIDADE “ERISPELA” NOS TERRITORIOS GALEGO E PORTUGUÉS

Silvia Viso Pérez

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

O mundo galego de meigas, bruxas, curandeiros e supersticións onde a realidade se mestura co mundo máxico posúe unha rica tradición popular que se foi perpetuando ó longo dos séculos ata chegar ós nosos días. Existe un gran número de crenzas na cultura tradicional galega que abranguen tódolos aspectos da vida da persoa, dende o seu nacemento ata a súa morte, con especial atención a esta última. Lembremos que a cultura tradicional se asenta dentro do que habitualmente denominamos a Galicia rural fronte á Galicia urbana, aínda que o linde entre elas é cada vez menos nidio.

Todo xira arredor de tres parámetros opostos: vida e morte, saúde e enfermidade e o ben e o mal. Por volta destas tres constantes mergulláronse unha restra de crenzas, costumes e mitos de orixe pagá que posteriormente foron atraídos pola relixión católica. A maioría destas prácticas non son exclusivas de Galicia e podémolas atopar tamén en Bretaña, Escocia ou Irlanda, e algunhas delas teñen as súas raíces en Grecia ou incluso en Asia.

O tema central do meu traballo, a erisipela, relaciónase coa parella saúde/enfermidade. É unha das enfermidades con máis “sona” dentro da medicina popular e obxecto de numerosos traballos de investigación. A súa elección débese, en parte, ó elevado número de variantes coas que se coñece e á gran cantidade de ensalmos que se empregan para “cortala” e “bendicila”.

A erisipela é unha enfermidade infecciosa que consiste nunha inflamación aguda da pel. Tras un período de incubación de varios días, a doenza caracterízase por unha in-chazón da pel acompañada de febre, afecta xeralmente só á cara, dura de oito a dez días e, se non existen complicacións, remata coa curación.

En Galicia (Lis Quibén, 1980, p. 113) coñécense co nome de erisipela varias enfermidades da pel “muy especialmente, a aquéllas que teniéndose como síntoma dominante a rubicundez, se asientan de un modo preferente en la cara y cuero cabelludo”.

Ó longo da historia da medicina recibiu diferentes nomes. É unha enfermidade moi antiga, coñecida xa en tempos de Hipócrates e Galeno, e chegou a constituír unha verdadeira pandemia ou epidemia en Galicia a fins do século XIX, de aí que sexa tan coñecida e tan estendida. Non hai aldea en Galicia na que non haxa unha persoa que non saiba “cortala”, denominación que recibe a aplicación do remedio; precisamente debido ó feito de que sexa moi común, o seu nome, segundo veremos, sufriu numerosas deformacións e xerou a gran cantidade de variantes lingüísticas ás que nos referimos con anterioridade.

A causa da enfermidade é unha bacteria que a medicina actual combatería a base de medicinas e penicilina; sen embargo, a medicina popular descoñecía a súa orixe. En Celanova, por exemplo, pensábase que a doenza era causada por unha mala bebida ou unha mala durmida; en Guitiriz (Lugo) Víctor Lis Quibén fala de que unha persoa adquiriría a enfermidade cando se mollaba durante o cuarto de lúa chea.

O tratamento popular da erisipela consiste en bendicións, ensalmos e oracións. Lembremos que o home galego cre que os mitos garanten a saúde, xa que proceden de seres superiores relacionados coa relixión. Este sentimento, chamémoslle “relixioso”, é tan forte, que aseguran que se o tratamento, tanto da erisipela coma doutras doenzas, se aplica en domingo (día de descanso para o cristián) e antes da primeira misa parroquial, resulta máis eficaz.

Recórrese ó curandeiro para que a “corte”. Este describe cruces ou círculos sobre a zona afectada coa a man ou con diferentes obxectos, saliva e valéndose de hisopos, recita uns ensalmos. En Portugal, segundo Lis Quibén, meten a cabeza do enfermo nun saco ou nun peles de fariña. As substancias e os obxectos que habitualmente empregan para o ritual son: auga, aceite da lámpada do Santísimo, caldo de porco, sangue de galiña negra ou da crista dun galo negro, cinza, raspas de xabón virxe, unto, graxa sen sal, terra de nove toupeiras, dentes de allo, rosas do mes de sanxoán, chantaxe, flor do sabugueiro, cabezas de ortigas, un rosario, unha cruz de Caravaca, unha fouce, etc.

En Celanova é tratada untando as partes afectadas con sangue de galiña negra e é crenza xeral que se é a primeira que se ten, con este tratamento cura para sempre. Na illa de Ons lavan a cara co sangue da crista da galiña, e na zona de Cambados empregan para embouta-la zona doída o sangue do coello. Cobran importancia certos animais, como a galiña, o coello e o porco. Xa os nosos antepasados, os celtas, rendían culto a numerosos animais que eran considerados sagrados e ofrecíanlles sacrificios no medio de bosques sagrados (LUCUS). Deste culto deriva no noroeste hispano o emprego de certos animais con fins medicinais.

Os hisopos son normalmente ramas de breixo, carqueixa, oliveira, fiúncho, la de ovella viva e virxe, unha pluma de ave viva ou de galiña que non estea choca, etc.

En tódolos ensalmos se mencionan determinados santos/as, xeralmente San Pedro e San Paulo. Por exemplo, en Beariz (Ourense) temos un que reza (Lis Quibén, 1980, p. 119):

Pedro Pablo foi a Roma,
a Jesucristo encontróu,
Jesucristo lle preguntóu:
-Que queda de novo Pedro Paulo?
-Moita peste e guerra
e moita mais Decipela.
-Pois dille que lle dean,

con aceite e oliva
y-un guedello de lan
de unha ovella viva.
Pola gracia de Dios
e da Virxen María,
un Padre Nuestro
e-un Ave María.

Van acompañados de oracións: o Noso Pai, e a Ave María. En Portugal ademais a Salve e o Credo.

En Arzúa (A Coruña) témo-lo seguinte ensalmo recollido (Lis Quibén, 1980, p. 153):

Lázaro á beira do río,
metendo gritos e alaridos,
todo cuberto de úcera, ucerón,
decipela, deciplón, mor, fogo ardente,
e outros males,
sin saber que males son.
-Lázaro, ¿por qué non lle coutaches?
-Señora santa María,
porque non sabía.

-Colle: un salvado,
auga da fonte pranar,
dalle nos pés e na cabeza,
para que non máis lle creza.
Pola gracia de Dios
e da Virxe María,
un Padre Nuestro
e unha Ave María
ou Santo ou Santa deste día.

Estas prácticas deben ser realizadas a unhas determinadas horas: antes de saí-lo sol, en xaxún, ó venres ó amencer e ó domingo antes da primeira misa parroquial. En Portugal as prácticas e os ensalmos son moi semellantes.

Algúns dos nomes e cualificativos que recibe esta doenza débense ós síntomas que presenta. Pola súa cor e mais pola forma danlle o nome de *rosas*, segundo di o ensalmo: "Santa Cecilia, talla a rosa maldita, que lle come, doe e proe; auga da fonte, e sal do mar y herba (fiúncho) do monte" ou "Rosa pezoñenta que chuchas n'iste coiro e crebantas o óso" (Refraneiro de Vicente Llopiz Méndez¹). Tamén noutras linguas románicas se rexistran denominacións derivadas deste tipo de motivación: en Cataluña chámanlle *dona roja*, en Valencia *rosa maldita*, *rosa cabalar*, *rosa punxoñosa*, *la maldita*. No Minho chámanlle á erisipela *ruborado*.

Pola febre e pola calor que produce coñécese tamén por *ardor*, *fogón*, *fuego* e *fogo ardente*. A queuntura pode chegar a queimar, como se recolle nunha oración asturiana:

-Aquí estoy decípola, decipela
percebún y culebrún,
que aquí me quemo
que aquí me abraso...

Antigamente os latinos asociaban a enfermidade co lume, e chegaron a chamarlle mesmo *lume sagrado*, xa que a pel adquire unha cor encarnada e, igual có lume, vai invadindo as zonas próximas.

¹ Manuscrito inédito ó que tiven acceso gracias á amabilidade de Marga Neira.

“A drispela, se non mata pela” (J. Mouriño, Med. pop. gall. ref. 903, Refraneiro de Llópiz).

Outro dos síntomas é o proído: a erisipela “come” e precisamente porque come o mellor remedio é matala de fame. Compárase a súa voracidade coa dun animal, a do lobo, de aí que reciba tamén o nome de lobo:

“Santa Eulalia vai polo monte,
atrás dela vai o lobiño
que a quer comer...”

Deste xeito entendémo-lo emprego da la de ovella nas prácticas curativas, nos hisopos: o lobo come o seu manxar preferido, a carne de ovella, e deixa de comer ó enfermo. Non podemos esquecer, por outra banda, que o año na relixión cristiá representa a Cristo, fronte ó lobo, que é o diaño, neste caso a doenza.

Recibe tamén o nome de *amor ardiente*, *mor* e *mor ardiente*. Neste contexto cabe a posibilidade de entende-los termos “amor” ou “mor” literalmente, ou ben considera-lo feito de que se trata dunha deformación da palabra humor entendido na súa acepción de líquido corporal que determina, segundo as súas proporcións, a saúde e o temperamento da persoa.

A erisipela preséntase baixo tres formas diferentes: unha localizada, outra xeneralizada e outra ulcerada. Adopta diversos nomes segundo o seu estado sexa máis ou menos avanzado. En Portugal distínguense tamén tres clases: a húmida, a seca e a impola rosa. Isto ofrece un amplo listado de termos cos que se denomina a enfermidade. Tratarei seguidamente de facer unha relación das distintas designacións e variantes, derivadas dun étimo latino común, coas que se coñece dentro do mapa galego por se existe algún tipo de distribución dialectal.

A forma ERISIPELA está tomada do latín ERYSIPELAS, -ATIS, e este do grego composto de *ereuthos* arrubiar e *pelas* preto.

As designacións románicas son uniformes, debido, en parte, a que estamos ante un termo científico, culto: francés *érysipèle*, romanés *erizipel*, italiano *erisipela*. Obsérvase, iso si, diferencias acentuais. Estas formas conviven cos outras populares que si experimentaron cambios fonéticos ó longo da historia. Por exemplo no sardo logudorés e campidanés *risipè(l)a* e italiano *risipola*.

Na península Ibérica, ó igual ca no resto da Rumania, o nome científico comparte territorio con formas vulgares moi estendidas (mesmo en partes de América), como *desipela*, *disipela* ou *dessipella* (catalán), que se explican, segundo Corominas, 1980-1985, porque a partir da desaparición da consoante erre en posición inicial (está enfermo d’*erisipela*>de *risipela*>con *disipela*), pérdese conciencia da preposición que se aglutina coa secuencia fonética seguinte. Sen embargo, tamén se podería pensar que se trata

simplemente dun cambio do r (consoante líquida vibrante sonora) a d (consoante oclusiva dental sonora). De acordo coa acentuación latina e grega pronunciouse tamén **erisípela*, de onde proceden formas como *erisípula*, asturiano *decipola*, e as formas en desuso *isípula* ou *disípula*. Esta última rexístrase aínda na fala en zonas da área bergantiñá do bloque occidental (Carballo) e na área pontevedresa de Cotobade.

Atopamos máis de 50 variantes. Ante tal diversidade tentei clasificalas por series atendendo ás distintas alteracións ou deformacións fonéticas de cada unha delas para posteriormente situalas dialectalmente e poder observar se as distintas denominacións se correspondían cos diferentes bloques e áreas lingüísticas.

Formas como *decipela* mailas súas variantes, que son as formas máis estendidas tanto no territorio galego como fóra de Galicia (Asturias), atópanse tanto no bloque occidental coma no central. Rexístranse no bloque central, nas áreas mindoniense (Viveiro, Guitiriz, Ferrol), e en áreas de transición (Agolada, Lalín, Arzúa); en Pontedeume aparece a súa variante *decipelia*, forma que tamén se recolle na área pontevedresa de Cotobade (bloque occidental).

Nas zonas máis próximas á cidade de Ourense rexístrase *decipla* (O Carballiño e Boborás) e *deciplas* en Beariz (Ourense), formas que se explican pola perda do e tónico entre consoantes coa conseguinte dislocación acentual. Na área lucu-auriense a penas se recolle esta variante, feito que me chamou a atención xa que en Portugal tampouco se rexistra. No país veciño atopamos formas como *erzipela* con síncope da vocal pretónica, fenómeno habitual na lingua popular por causa da debilidade átona, *erzipola*, *erizipela*, *eziripela* (metátese), *zipela*, *zipelo*, *zipelao*, *zipla*, *uzipela*. Estas últimas atopámolas tamén na área mindoniense de Ribadeo e Mondoñedo.

A serie correspondente a *ausipela*, *orsipela*, *osipela*, *usipela*, *supila*, *supilón*... está moi estendida pola zona do Ribeiro, a Limia-Alta e a Limia-Baixa. O proceso evolutivo que sufriron estas variantes explícase por unha disimilación de palatais que dá lugar á forma *orsipela*, que chega mesmo á forma *osipela* por un proceso de asimilación do grupo *rs>ss>s*. A forma *ausipela* poderíase explicar a partir da aglutinación da forma *osipela* co artigo, o que dá lugar á forma *aosipela* que posteriormente orixinaría *ausipela*, xa con ditongo. Na área pontevedresa (bloque occidental) do Covelo rexístranse tamén *usipelón*, *sopilón* e *supilón*.

En Celanova atopámo-la forma *oxipe* que se explicaría a partir dunha retroformación da forma *oxipela* creada a partir da palatalización de *osipela*:

Oxipela>*oxip*'*la*>*oxipe*

Outra serie coa que traballei foi a derivada de *úlcer*a. Cando a placa da erisipela está moi inflamada tende a ulcerarse, de aí que se coñeza tamén con este nome. En Arzúa, Cotobade e na Estrada danlle o nome de *úcer*a, en Marín *ulcer*al, e *úrsula* en Pontevedra.

No tocante ó bloque oriental, si teño que resalta-lo feito de que aparecen designacións distintas ó resto do territorio. Así, nas montañas de Fonsagrada, na área oriental-central coñecen esta enfermidade cos nomes de *cobra* e *cobrón*, e *cóbregas* en Bar-

cia de Suarna; xa limitando coa área asturiana, polo Val inferior do Eo, *percebún*. Estamos ante designacións motivadas semanticamente, lembremos que no cristianismo a cobra é un animal maldito, representación do díaño. No caso de *percebún* pódese tratar dunha deformación eufemística de Belcebú. En Asturias é coñecida tamén cos nomes de *percebún* e *culebrún*.

As conclusións ás que cheguei demostran que o proceso de corrupción ou contaminación destas variantes non se debe ós fenómenos característicos dun bloque e máis concretamente dunha área, é dicir non puiden constata-la existencia xeral de adscrición das distintas variantes a unha zona dependendo do bloque no que estas están encadradas.

BIBLIOGRAFÍA

- Becoña Iglesias, E., *Medicina Popular*, Vigo, Ir Indo, 1989.
- Borges Martins, J. H., *Crenças populares da Ilha terceira I*, Lisboa, Salamandra, 1994.
- Bouza-Brey, F., *Etnografía y folklore de Galicia (I)*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1982.
- Corominas, J. / Pascual, J. A., *Diccionario etimológico castellano e hispánico*, 5 vols., Madrid, Gredos, 1980-1985.
- Fernández Rei, F., *Dialectoxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1990.
- Lis Quibén, V., *La medicina popular en Galicia*, Madrid, Arealonga Akal, 1980.
- Llópiz Méndez, V., *Refraneiro galego* (manuscrito inédito de Bibliófilos Galegos).
- Mariño Ferro, X. R., *La medicina popular interpretada II*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1986.
- Vázquez Gallego, X., *Tradiciones, mitos, creencias y curanderismo en medicina popular de Galicia*, Lugo, Servicio de Publicaciones de la Excm. Diputación Provincial de Lugo, 1990.